



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO POLO DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO DE FERROL

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Antonio Couceiro Méndez, na súa condición de presidente da Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, en virtude do nomeamento para dito cargo na sesión plenaria da referida Cámara o día 24 de febreiro de 2023, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da lei 5/2004, de 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia (DOG do 21 de xullo de 2004) así como das contempladas no artigo 28 do Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.

As dúas partes, que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para actuar en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1. A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7 da Constitución Española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.





De acordo co previsto no artigo 1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27 de maio), a esta Consellería lle corresponden, entre outras competencias, propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.

Consonte o artigo 19 do dito Decreto 147/2024, do 20 de maio, como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e formación profesional para o emprego en toda a súa extensión; a dirección das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprendemento e a coordinación das atribuídas a outros órganos, así como a promoción de políticas públicas e programas que impulsen, promocionen e apoiem a cultura emprendedora; a dirección e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.

Tal e como establece o artigo 43 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, asumirá, entre outras funcións, as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da





Comunidade Autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social asume a xestión directa e indirecta e a coordinación da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.

2. Nas sociedades avanzadas, constitúe un obxectivo prioritario da axenda pública o impulso de proxectos territoriais que faciliten a transformación produtiva, aborden o reto demográfico e promovan a creación de emprego que contribúa a fixar poboación, especialmente no ámbito rural e nos seus pequenos municipios, dinamizadores do desenvolvemento local sostible.

Por este motivo, a Xunta de Galicia ten como un dos seus principais obxectivos o impulso de medidas para fomentar o emprendemento e apoiar ás persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía na Comunidade Autónoma, dada a súa contribución esencial á xeración de riqueza e emprego.

Desta aposta da Xunta polas iniciativas en materia de emprendemento resultou o recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025, outorgado polo Comité Europeo das Rexións. Este premio implica un estímulo para avanzar nunha maior equidade territorial, no impulso de iniciativas emprendedoras na Galicia non urbana, na diversificación das actividades económicas que se desenvolven neste contorno e no fortalecemento da colaboración do ecosistema emprendedor.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén despregando, dende o ano 2022 e por todo o territorio galego, a Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia, nos que se desenvolven actuacións de incubación de proxectos de emprendemento e formación dirixida a persoas emprendedoras, cun apoio personalizado para acompañar e impulsar proxectos, reforzando as oportunidades de mellora e tecendo no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias, a través de sinerxías de colaboración e axuda mutua entre as persoas emprendedoras, que redunda no empoderamento, a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio.





A devandita Rede está formada por quince polos, entre os que se atopan o Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol.

3. Pola súa parte, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña (en adiante Cámara de Comercio), creada no ano 1886, é unha Corporación de Dereito Público, segundo dispón a actual normativa estatal e autonómica (Lei 4/2014 do 1 de abril, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España e Lei 5/2004, do 8 de xullo, de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia), sendo unha das institucións con máis peso na comarca coruñesa.

A Cámara de Comercio de A Coruña ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades, de acordo co previsto no artigo 3 da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Ademais, legalmente está configurada como órgano consultivo e de colaboración coas Administracións Públicas, representando os intereses xerais das empresas ante as mesmas, de conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

O seu obxectivo fundamental é conseguir que as empresas da súa demarcación se fagan cada día máis competitivas, axudándoas a adaptarse aos cambios que veñen asociados aos novos modelos produtivos e a un mercado cada vez máis globalizado e en constante transformación.

Son múltiples as actividades que a Cámara de Comercio leva a cabo para potenciar o crecemento económico do seu ámbito de actuación, así coma o fomento do emprendemento na súa zona de influencia, prestando servizos específicos de información e asesoramento, formación, promoción e internacionalización, dando resposta ás demandas do actual tecido empresarial, funcións todas elas contempladas no artigo 4 da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.





Todo elo a converten na institución idónea para a prestación das actividades propias do referido Polo.

Dado o carácter singular das actuacións a desenvolver que posibiliten o axeitado funcionamento do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol, é de interese prioritario manter unha estreita colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Cámara de Comercio da Coruña, como unha das institucións con maior experiencia en materia de emprendemento, que permita proporcionar un asesoramento integral e personalizado ás persoas emprendedoras na formación e construción dos seus proxectos de negocio e na busca de recursos de financiamento (xa sexan públicos ou privados), tanto para o inicio da actividade como para o impulso e posterior crecemento do mesmo.

En virtude do anterior, as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que rexe a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Cámara de Comercio, para garantir o funcionamento do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol, que abrangue os concellos expresados no anexo I deste convenio.

Os polos proporcionan un soporte integral ao emprendemento, apoiando, entre outros, proxectos do sector produtivo primario, do ámbito das enerxías e do medio ambiente, de carácter biotecnolóxico, de mobilidade, de turismo sostible ou relativos á atención e coidados das persoas.





Segunda. Actividades a desenvolver anualmente.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Cámara de Comercio facilitarán ás persoas emprendedoras un apoio integral, que se concretará nunha serie de actuacións que realizará o Polo de emprendemento, derivadas dunha programación previamente deseñada conxuntamente polas dúas partes. As actuacións son as seguintes:

1º Asesoramento en materia de emprendemento.

O polo proporcionará un asesoramento integral e personalizado ás persoas emprendedoras na formación e construción dos seus proxectos de negocio e na busca de recursos de financiamento (tanto públicos como privados), tanto para o inicio da actividade como para o impulso e posterior crecemento do mesmo. Entre outros aspectos, analizarase o deseño do modelo de negocio, a viabilidade financeira e as estratexias de marketing e comunicación. Na medida do posible, seguirase a metodoloxía de acompañamento común establecida para a Rede de Polos.

Por outra parte, proporcionarase un acompañamento nos casos de persoas retornadas (Programa Retorna Emprendemento), así como nos de remuda ou transmisión de negocios en funcionamento, ofrecendo a oportunidade de acceder aos mesmos ás persoas emprendedoras interesadas en recoller a testemuña.

2º Mentorización e titorización especializada.

O polo facilitará ás persoas usuarias un asesoramento experto que dea resposta ás necesidades concretas que poidan xurdir nos proxectos de emprendemento presentados, ben a través dos seus propios medios, ben a través dos recursos que a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social poña á súa disposición.

3º Formación.

O polo levará a cabo actividades de formación, en diversas modalidades (cursos, charlas, xornadas, webinar, foros, etc.), tanto en formato presencial como en liña, nas que poderán participar non só as persoas emprendedoras usuarias do polo senón tamén todas aquelas interesadas nas mesmas.





Entre outras, desenvolveranse accións formativas especializadas en áreas de impacto dentro do negocio.

Tamén se realizarán distintas actividades de difusión da cultura emprendedora, tales como intervencións en centros educativos, en obradoiros de emprego, etc., así como aquelas que soliciten as distintas entidades, de cara á detección e impulso de actitudes relativas ao emprendemento local.

Como mínimo, deberán levarse a cabo cinco accións formativas, nalgunha das modalidades expostas.

4º Networking.

O polo realizará actividades de impulso no ámbito dos sectores máis relevantes de cada territorio, actividades para fomentar o emprendemento ligado ao territorio e actividades para a xeración de sinerxías e intercambio de coñecementos, experiencias, boas prácticas e colaboración entre persoas emprendedoras, entre outras, promovendo o empoderamento, a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio.

Como mínimo, deberán desenvolverse tres actuacións en materia de networking, unha das cales estará orientada ao emprendemento ligado ao territorio.

5º Actuacións de difusión e comunicación.

As actividades incluídas neste ámbito abranguerán, entre outras, visitas directas -nas que se darán a coñecer as funcións do polo-, así como a identificación de sinerxías e oportunidades de colaboración con outros axentes (concellos, oficinas de emprego, asociacións empresariais, grupos de desenvolvemento rural, ...), coa creación dunha base de datos de axentes vinculados ao territorio.

Para dar cumprimento ao obxectivo referido á difusión e comunicación, deberán realizarse un mínimo de cinco reunións con outras entidades relevantes do ecosistema de emprendemento (clústers, asociacións, cooperativas, ...) cuxo marco de actuación coincida coa zona de influencia territorial do polo; por outro lado, proporcionarase información das actuacións que se desenvolvan a cada un dos concellos que forman parte da área de actuación do polo.





Terceira. Compromisos das partes

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese:

- A utilizar os medios materiais e persoais cos que contan e os que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa, para o deseño, organización e desenvolvemento de actuacións innovadoras de apoio ao emprendemento, coa finalidade de trazar e executar un programa específico que teña como obxectivo desenvolver as actuacións concretadas na cláusula segunda.
- A colaborar co financiamento dos gastos derivados deste programa segundo o establecido na cláusula cuarta.

A Cámara de Comercio comprométese:

- A utilizar os medios materiais e persoais cos que contan e os que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa, para o deseño, organización e desenvolvemento de actuacións innovadoras de apoio ao emprendemento, coa finalidade de trazar e executar un programa específico que teña como obxectivo desenvolver as actuacións concretadas na cláusula segunda.
- A colaborar co financiamento dos gastos derivados deste programa segundo o establecido na cláusula cuarta.
- A garantir que o Polo de Emprendemento conte cun mínimo de dúas persoas coa cualificación e experiencia necesarias e dedicación a tempo completo, para o desenvolvemento das actividades previstas e para a consecución do obxecto do convenio. Estas persoas serán responsables da apertura e peche da correspondente oficina do polo nos horarios estipulados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. No caso de producirse calquera incidencia que afecte ao seu funcionamento, deberán comunicalo de xeito inmediato á Administración e ao Polo coordinador.





Ambas partes comprométense a garantir que no desenvolvemento da actividade do polo, seguiranse as indicacións e os procedementos comúns da Rede de polos, expostos no Manual operativo da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.

As actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio se incorporarán e actualizarán na plataforma interna da Rede de Polos e na propia plataforma da Cámara de Comercio.

As partes comprométense a facer constar en toda presentación pública, así como en todo acto de difusión e publicidade que xere a actividade do polo – ben sexa impresa, audiovisual ou a través de calquera outro soporte que utilice, incluído internet-, de xeito manifesto e claramente apreciable, a participación da Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de acordo co Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia e atendendo ás instrucións que esta lle comunique en cada momento. Asemade, na sinalética permanente existente nos locais nos que se atopan a oficina do polo, deberán figurar nun lugar ben visible e de tamaño significativo, os logotipos da Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como da Cámara de Comercio.

Coa finalidade de facilitar o control e seguimento do traballo realizado e da execución do previsto neste Convenio, o Polo remitirá mensualmente á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social e ao Polo coordinador, un informe descritivo das distintas actividades desenvolvidas, así como de cada un dos proxectos obxecto de asesoramento e dos resultados acadados. O contido específico será determinado pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social en cada momento.

As actividades do Polo levaranse a cabo nas instalacións da Cámara de Comercio, habilitadas ao efecto, sitas na rúa María, 158, no Concello de Ferrol.

Cuarta. Financiamento e gastos subvencionables

O orzamento deste convenio ascende a douscentos sesenta e catro mil euros (264.000 €).

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de douscentos corenta mil euros (240.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.640.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte distribución por anualidades:





ANUALIDADE	IMPORTE
2025	25.000 €
2026	120.000 €
2027	95.000 €
TOTAL	240.000 €

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual en virtude do establecido na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello das Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscrición deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Pola súa parte, a Cámara de Comercio achegará a cantidade total de vinte e catro mil euros (24.000,00 €), mediante a aplicación e xustificación de gastos por idéntica contía, así como o uso das instalacións da Cámara de Comercio sitas na rúa María, 158, no Concello de Ferrol e valoradas en trescentos mil euros (300.000,00) €.

Ao abeiro deste convenio, considéranse gastos susceptibles de financiamento os seguintes gastos:

- Gastos de persoal, incluída seguridade social e outros gastos obrigatorios por convenio.
- Gastos derivados de servizos profesionais relativos ás actividades obxecto deste convenio, a desenvolver no ámbito do polo; así como os gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios para a preparación e execución das ditas actividades.
- Gastos de desprazamento necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Gastos de acondicionamento dos espazos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio que así o precisen, sempre que sexan determinados ou determinables e estritamente necesarios para a súa execución.





- Gastos en material funxible, artigos de consumo, subministracións e servizos, complementarios das concretas actividades (cátering, material didáctico, medios de apoio, publicidade, ...).
- Outros custes. Para os efectos deste convenio, entenderase por outros custes os derivados daqueles gastos que, sen manter unha relación directa coa execución das concretas actividades que nel se prevén, no entanto, considéranse imprescindibles para a súa correcta preparación e execución (entre outros, gastos financeiros, de asesoramento, de xestión, gastos en subministracións de luz, teléfono, internet, limpeza, alarma, seguros, mantementos, reparacións, IBI, taxas, auga e outros de natureza análoga).

O período aplicable para a imputación dos gastos susceptibles de financiamento en cada unha das anualidades, será o seguinte:

- Para a anualidade 2025, dende a data de sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2025, co límite do importe máximo da anualidade sinalada nesta mesma cláusula.
- Para a anualidade 2026, dende o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026, co límite do importe máximo da anualidade sinalada nesta mesma cláusula.
- Para a anualidade 2027, dende o 1 de decembro de 2026 ata o 31 de agosto de 2027 co límite do importe máximo da anualidade sinalada nesta mesma cláusula.

Quinta. Xustificación das actuacións e pagamento

A Cámara de Comercio deberá remitir á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, toda a documentación xustificativa da actividade desenvolvida e dos gastos realizados e pagados. A presentación da dita documentación realizarase por vía telemática, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A documentación xustificativa deberá presentarse:

- Para a anualidade 2025, antes do 15 de decembro de 2025.





- Para a anualidade 2026, antes do 15 de decembro de 2026.
- Para a anualidade 2027, antes do 10 de setembro de 2027.

Porén, os gastos relativos aos custes de persoal correspondentes as dúas últimas mensualidades de cada anualidade, poderán xustificarse ata tres meses despois das datas referidas no parágrafo anterior.

A documentación xustificativa comprenderá a seguinte:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do convenio, con indicación das concretas actividades realizadas, o número de persoas participantes en cada unha (desagregado, como mínimo, por sexo e idade) e os resultados obtidos. Nesta memoria incluíranse evidencias do traballo desenvolvido. A memoria deberá reflectir tanto a actividade ordinaria de asesoramento ás persoas usuarias que acoden á oficina do polo, como as actuacións ou eventos singulares (reunións, foros, actividades formativas, ...) que se celebren. A memoria remitirase tamén en formato editable.

c) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha certificación expedida pola persoa responsable da Cámara de Comercio na que figure a relación clasificada dos gastos realizados. Remitirase tamén en formato editable.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados á relación á que se fai referencia no parágrafo anterior. No caso de non achegarse os documentos orixinais, acompañarase unha declaración asinada indicando que estes atópanse en poder da Cámara de Comercio.

- A documentación acreditativa do pagamento efectuado, consistente en xustificante de transferencia ou certificación bancaria, debendo figurar claramente identificados o/a emisor/a e o/a receptor/a do pagamento. Non se admiten os pagos en efectivo. No caso de non achegarse os documentos orixinais, acompañarase unha declaración asinada indicando que estes atópanse en poder da Cámara de Comercio.

d) Certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia e á Tesourería Xeral da





Seguridade Social, así como acreditación de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade autónoma de Galicia.

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa para acreditar o cumprimento do obxecto deste convenio.

Unha vez que o persoal das unidades dependentes da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social constate a efectiva realización das actuacións previstas no convenio de acordo coa súa finalidade, e despois de revisar a documentación xustificativa dos gastos imputados, expedirase un informe da verificación realizada. A continuación, tramitarase o pagamento polo importe debidamente xustificado que corresponda a gastos elixibles conforme ao presente convenio.

Sexta. Inexistencia de relación laboral

A formalización e execución do presente convenio non implicará ningunha relación de carácter laboral nin de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada á mesma, cos/coas profesionais e demais persoas que participen nas accións que constitúen o obxecto deste convenio, de tal xeito que, por este motivo, non se lle poderá esixir a esta Administración ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do seu obxecto.

Sétima. Resolución do convenio

Son causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.





- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Oitava. Comisión de seguimento

Para o debido seguimento do convenio e da súa execución prevese a existencia dunha Comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social; en representación da Cámara de Comercio, integrarán a comisión as dúas persoas que esta designe. A Comisión de seguimento reunirse a petición dunha das partes ou de ambas.

A actuación da Comisión de seguimento abranguerá a constatación da implantación e efectiva aplicación do previsto no convenio, a solución das controversias suscitadas na interpretación e cumprimento do mesmo, así como a proposta dunha posible revisión, modificación, adecuación ou actualización das súas cláusulas.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas propias cláusulas e polo disposto nas seguintes normas xurídicas:

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia;
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno;
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público;





- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- As demais normas que resulten aplicables

O obxecto deste convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no seu artigo 6.

Os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do convenio resolveranse de mutuo acordo a través da Comisión de Seguimento.

En defecto de acordo, a resolución de ditas controversias corresponderá aos xulgados da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décima. Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e as demais especificacións que constan no mesmo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo primeira.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición dunha das asinantes.





Calquera modificación deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio.

En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións, farase sempre referencia ao convenio de colaboración suscrito entre as partes.

Décimo segunda. Protección de datos e autorizacións

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa vixente en cada momento, de aplicación en materia de protección de datos.

Décimo terceira. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia durante dous anos, sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por dous anos máis.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan, na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

O presidente da Cámara Oficial de
Comercio, Industria, Servicios y Navegación
de A Coruña

José González Vázquez

Antonio Couceiro Méndez





ANEXO I

CONCELLOS QUE ABRANGUE O POLO DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO DE FERROL

- Abegondo
- A Capela
- A Coruña
- Aranga
- Ares
- Arteixo
- As Pontes de García Rodríguez
- As Somozas
- Bergondo
- Betanzos
- Cabanas
- Cambre
- Cariño
- Carral
- Cedeira
- Cerdido
- Coirós
- Culleredo
- Curtis
- Fene
- Ferrol
- Irixoa
- Mañón
- Miño
- Moeche
- Monfero
- Mugaros
- Narón
- Neda
- Oleiros
- Ortigueira
- Oza-Cesuras
- Paderne
- Pontedeume
- Sada
- San Sadurniño
- Valdoviño
- Vilarmajor
- Vilasantar





**ANEXO II
DESGLOSE DO ORZAMENTO**

– Achega da CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN:

Tipoloxía actuación	Total previsto
Obras de acondicionamento do local e dotación de mobiliario e equipos informáticos	29.600,00 €
Gastos de persoal	167.915,00 €
Gastos por prestación de servizos profesionais (asesoramento, formación, ...)	42.485,00 €
TOTAL	240.000,00 €

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	25.000 €
2026	120.000 €
2027	95.000 €
TOTAL	240.000 €

– Achega da CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DA CORUÑA:

Tipoloxía actuación	Total previsto
Gastos correntes de funcionamento (limpeza, seguridade, ...)	24.000,00 €

